

BARREIRAS

PRESENCIA, APRENDIZAXE E PARTICIPACIÓN

CONCEPTO

O concepto de «barreiras para a aprendizaxe e a participación» foi desenvolto por Booth e Ainscow (Ainscow, 1999; Booth, 2000; Booth e Ainscow, 2002). É un concepto nuclear en relación coa forma na que os profesores deben enfocar o seu traballo educativo co alumnado en desvantaxe ou máis vulnerable aos procesos de exclusión.

1



LOMLOE

A LOMLOE redefiniu o concepto de alumnado

que presenta necesidades educativas especiais (NEE en diante) da seguinte forma: «Artigo 73.

Ámbito. 1. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.»

2

QUE SON

As Barreiras para a Aprendizaxe e a Participación ou BAP, son todos aqueles factores do contexto que dificultan ou limitan o pleno acceso á educación e ás oportunidades de aprendizaxe de nenas, nenos e novos.

Xorden da interacción entre os estudantes e os contextos; as persoas, as políticas, as institucións, as culturas e as circunstancias sociais e económicas que afectan as súas vidas.

Os alumnos non teñen barreiras, senón que as afrontan ou experimentan.

3



USO DAS PALABRAS

Términos incorrectos	Términos correctos
* El alumno que tiene necesidades educativas especiales. * Mi alumno tiene BAP. * Los estudiantes con BAP.	* El alumnado que enfrenta BAP. * Esta niña experimenta barreras que obstaculizan su aprendizaje y participación en la escuela.

4

TIPOS

ACTIUDINAIS
PEDAGÓXICAS
ORGANIZATIVAS

...

5



COMO MINIMIZAR OU ELIMINAR

BARREIRAS

1

APOIOS

Ofrecer apoios de acordo ás características e necesidades dos alumnos: ter ao alcance material concreto, accesorios de protección sensorial, textos en sistema Braille e macrotipo, pictogramas, cadeiras adaptadas, ramplas, ofrecer experiencias de Aprendizaxe en Contextos Naturais, entre outros.



2

DUA

Planificar a clase baixo o enfoque DUA: O Deseño Universal da Aprendizaxe ou DUA enténdese como o deseño de materiais e actividades didácticas que permiten que os obxectivos de aprendizaxe sexan alcanzados por individuos con amplas diferenzas nas súas capacidades. O DUA presenta tres principios fundamentais: múltiples formas de representación, múltiples formas de acción e expresión, e múltiples formas de motivación.



3

AXUSTES RAZOABLES

Realizar axustes razoables: Son as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas que non impoñen unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran para garantir ás persoas o goce ou exercicio dos seus dereitos, en igualdade de condicións. Os axustes razoables poden realizarse en: a infraestrutura, os materiais, a comunicación e información, os obxectos de uso cotián, a organización da xornada escolar, ou o currículo.

